

NOTA DE PRENSA

O GRUPO CUEVAS AVANZA NO SEU COMPROMISO COA SOSTENIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL

- **Catro puntos de venda incorporan novos dispositivos automatizados para reducir os consumos e mellorar a eficiencia enerxética, en colaboración co Inega**

Ourense, 20 de outubro de 2016.

Os supermercados Aquíé en Ourense, O Porriño e en Santiago de Compostela, e o supermercado Plenus ubicado na rúa Camelias de Vigo, adheríronse aos proxectos de aforro e eficiencia enerxética na industria e os servizos que promociona o Inega e financia o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en beneficio da sostenibilidade medioambiental.

Grazas a este proxecto, instaláronse variadores de frecuencia na central de frío de cada centro que reducirán sensiblemente o consumo de enerxía realizado por este tipo de equipos. Os dispositivos, que xa están en funcionamento, permiten dividir a potencia da central e modular o seu funcionamento segundo as necesidades, evitando dese xeito os picos de consumo de enerxía que se producen con cada arranque ao manexar o compresor coa metade de potencia.

Asimesmo, tamén se instalaron sistemas de control que fan unha lectura da temperatura ambiente e actúan sobre os ventiladores controlando a condensación. Desta forma, a certas temperaturas, o sistema de ventilación non precisa estar en funcionamento continuo.

Estas medidas permitirán facer un uso máis eficiente da enerxía e reducir notablemente o consumo nos supermercados.